



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 28/09/2009.**

**Alcalde Presidente:**

**D. Secundino García Casal.**

**Concelleiros presentes:**

**D. Manuel Varela Mecias.**

**D. Xosé López Gudín.**

**D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira**

**D. Jesús Manuel Soto Vivero.**

**D. Constantino Bedoya Vázquez.**

**D. José Serafín Gudín Sabín.**

**D. Hipólito Díaz Silva.**

**D. Juan Antonio Hermida Tembrás.**

**D. José Romero Ledo.**

**D. Fernando Márquez Hermida.**

**Secretario:**

**D. Miguel A. Arroyo Moreno.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día vinteito de setembro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de setembro do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación. Dase conta da corrección no borrador do sentido do voto dos concelleiros do PP nos puntos 5º, 6º e 7º da referida acta, xa que erróneamente figuraba como abstención cando o seu voto foi en contra dos acordos adoptados.

**SEGUNDO.- ACORDOS SOBRE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, ANUALIDADE 2010.**



Dase conta polo Sr. Alcalde do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, da cantidade que corresponde a este Concello e do proxecto redactado para a obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo, que é a de "Saneamento en Outeiro, Camiño Arriba e Gulpilleira". O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Alcalde explica de seguido que o Plan de que se trata é limitado e soamente admite determinados tipos de actuacións, e que se considera importante aproveitar para rematar a rede de sumidoiros nos lugares ós que afecta o proxecto redactado, parte do núcleo principal e dous locais municipais, nun dos cales tamén se arranxará a subministración de auga.

O Sr. Bedoya interven brevemente para manifestar a conformidade do seu grupo coa proposta do grupo de goberno, por entender que as actuacións recollidas no proxecto sometido a aprobación servirán para rematar redes de prestación de servizos, e que son obras necesarias, aínda que hai moitas outras que tamén poderían ter cabida neste Plan.

Sendo as dezanove horas e trinta e oito minutos, incorpórase á sesión, co permiso da Presidencia, o concelleiro Sr. Gudín.

Toma a palabra de seguido o Sr. Márquez, para indicar que na súa opinión a dotación de servizos esenciais ós locais municipais que utilizan as diversas asociacións e entidades do Concello é unha cuestión prioritaria, polo que é favorable á mesma.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2010, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación da obra	Orzamento Total	Achega Municipa I	Achega Provincial
Saneamento en Outeiro, Camiño Arriba e Gulpilleira	125.436,65	6.271,83	119.164,82

2º.- Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2010 e que se relaciona no punto anterior.

3º.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

4º.- Para o financiamento da achega municipal, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito dabondo para o seu financiamento.

5º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello restá ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar ó Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

### **TERCEIRO.- APROBACIÓN DE REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Dase conta pola concelleira de benestar social e igualdade, Sra. Muiño, do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a aprobación do Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de San Sadurniño, explicando que o Decreto polo que se regula o asunto esixe que exista esa norma, que tamén se considera necesaria para clarexar o funcionamento e o modo de acceso ó SAF, e para a protección dos dereitos tanto das persoas usuarias do servizo como das traballadoras municipais que o prestan. Di que o contido adaptouse ás características do concello polo persoal técnico do departamento de servizos sociais e que se trata tamén de rendibilizar o máximo posible os recursos disponibles e de garantir a transparencia nos criterios de acceso ó servizo, mediante a publicación do baremo para a valoración das solicitudes e a información para as persoas usuarias durante todo o proceso de tramitación das solicitudes. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Bedoya interven brevemente para manifestar a conformidade do seu grupo coa proposta de Regulamento do grupo de goberno, que xa consultaron e que mantén unha liña de continuidade co servizo que se ven prestando desde hai anos, introducindo algunhas melloras. Di tamén que o importante na prestación deste servizo é a dedicación do persoal que participa.

A Sra. Muiño interven novamente para dicir que precisamente por esa razón se falaba da protección das traballadoras do S.A.F., clarexando o alcance das súas obrigas e establecendo criterios técnicos par trasladar unha imaxe de profesionalidade.

Toma a palabra de seguido o Sr. Márquez, para indicar que na súa opinión o Regulamento tamén será útil para solventar posibles problemas na prestación do servizo, e que se trata dun documento aberto a posteriores modificacións e actualizacións.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación ó Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de San Sadurniño, tal como figura no correspondente



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

expediente, ordeando a exposición ó público do contido do presente acordo e a realización dos trámites necesarios para a entrada en vigor dese Regulamento coa brevidade posible.

#### **CUARTO.- APROBACIÓN DE ORDENANZA FISCAL RELATIVA Á TELEFONÍA MÓVIL.**

Dase conta polo concelleiro de facenda, desenvolvemento local e deporte, Sr. Soto, do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a aprobación dunha Ordenanza Fiscal, que sería a número 20, reguladora da Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras da telefonía móbil, explicando os antecedentes do asunto, os pronunciamentos xurisprudenciais que se produciron en relación co mesmo ata a data e a existencia dun feito imponible claro sen cubrir ata agora. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo. Polo Secretario do Concello infórmase que a aprobación ou modificación de ordenanzas fiscais require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O Sr. Bedoya interven brevemente para manifestar a conformidade do seu grupo coa proposta de Ordenanza Fiscal do grupo de goberno, por entender que á vista das sentenzas recaídas nesta materia, é mellor ter aprobada canto antes esta Ordenanza.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación a Ordenanza Fiscal nº 20, reguladora da Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras da telefonía móbil no Concello de San Sadurniño, tal como figura no correspondente expediente, ordeando a exposición ó público do contido do presente acordo e a realización dos trámites necesarios para a entrada en vigor desa Ordenanza Fiscal coa brevidade posible.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

**O ALCALDE PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**